

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CD2TMV000200	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0454	Circuitos de fluídos, suspensión e dirección	2024/2025	7	183	218
MP0454_13	Circuitos de fluídos	2024/2025	7	73	87
MP0454_23	Sistemas de suspensión	2024/2025	7	64	76
MP0454_33	Sistemas de dirección e rodas	2024/2025	7	46	55

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LORENA GUADARRAMA CHAO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Módulo profesional Circuitos de fluídos, suspensión e dirección é un dos módulos nos que se ordea académicamente a impartición de ensinanzas conducentes a obtención do título de Técnico en electromecánica de vehículos automóbiles.

De entre as unidades de competencia establecidas no título, o módulo de Circuitos de fluídos, suspensión e dirección orientanse a consecución polo alumnado das realizacións profesionais propios de: Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles, TMV047_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue a seguinte unidade de competencia: UC0130_2: Manter os sistemas hidráulicos e neumáticos, de dirección e de suspensión.

Polo que respecta ao CONTORNO PROFESIONAL do alumnado do Ciclo medio de electromecánica de vehículos automóbiles.

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade no sector de construción e mantemento de vehículos, nos subsectores de automóbiles, motocicletas e vehículos pesados:

- Empresas de frotas de alugamento de vehículos, servizos públicos, transporte de pasaxeiros e mercadorías.
- Empresas fabricantes de vehículos e compoñentes.
- Empresas dedicadas á inspección técnica de vehículos.
- Empresas dedicadas á fabricación, á venda e á comercialización de equipamentos de comprobación, diagnose e recambios de vehículos.
- Empresas situadas noutros sectores produtivos onde se realicen traballos de mantemento de electromecánica (grupos electrógenos, cintas transportadoras movidas con motor de explosión, etc.).

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Reparador/ora de sistemas neumáticos e hidráulicos.
- Reparador/ora de sistemas de dirección e suspensión.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para:

- Interpretación da documentación técnica.
- Manexo dos equipamentos de medida e diagnose.
- Control e interpretación de parámetros.
- Desmontaxe, substitución e montaxe dos elementos e os sistemas.
- Comprobación da operatividade final do sistema intervido.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Reparación e mantemento de sistemas de suspensión, dirección e rodas.

-Reparación de sistemas neumáticos e hidráulicos.

A COMPETENCIA XERAL deste título consiste en realizar actividades de:

- 1) Seleccionar os procesos de reparación interpretando a información técnica incluída en manuais e catálogos.
- 2) Localizar avarías nos sistemas mecánicos, hidráulicos, neumáticos do vehículo, utilizando os instrumentos e os equipamentos de diagnóstico pertinentes.
- 3) Aplicar procedementos de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, de acordo co establecido pola normativa.
- 4) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia. apoio administrativo no Adaptarse a diferentes postos de traballo e ás novas situacións laborais originadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- 5) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.

OS OBXECTIVOS XERAIS deste ciclo, que corresponden o módulo de circuitos de fluidos, suspensión e dirección son:

- a) Interpretar a información e, en xeral, toda a linguaxe simbólica asociada ás operacións de mantemento e reparación na área de electromecánica, para seleccionar proceso de reparación.
- b) Seleccionar as máquinas, os utensilios, as ferramentas e os medios de seguridade necesarios para efectuar os procesos de mantemento na área de electromecánica.
- c) Manexar instrumentos e equipamentos de medida e control, e explicar o seu funcionamento, conectándoos adecuadamente para localizar avarías.
- d) Analizar a información subministrada polos equipamentos de diagnose e comparala coas especificacións dadas por fábrica, para determinar o proceso de mantemento e reparación.
- e) Relacionar os elementos que constitúen os trens de rodaxe, os freos, a dirección e a suspensión coa súa función no conxunto, para efectuar o seu mantemento e a súa reparación.
- f) Aplicar as técnicas e os métodos de operación pertinentes na desmontaxe, na montaxe e na substitución de elementos mecánicos, neumáticos, hidráulicos e eléctricoelectrónicos dos sistemas do vehículo para proceder ao seu mantemento e á súa reparación.
- g) Analizar o funcionamento das centráis electrónicas e a información que subministran, así como efectuar a recarga e a extracción de datos, e resetealas, para obter información necesaria no mantemento.
- h) Realizar medidas e comparar os resultados cos valores dos parámetros de referencia, para verificar os resultados das súas intervencións.
- i) Analizar e describir os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, e sinalar as accións que cumpra realizar nos casos definidos, consorte as normas estandarizadas.
- j) Recoñecer e valorar continxencias, determinar as súas causas e describir as accións correctoras para resolver as incidencias asociadas á propia actividade profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Prevención de accidentes físicos e medioambientais	Aprender a cumprilas normas de prevención de riscos laborais e de protección medioambiental, identificando os riscos asociados e a súa prevención.	20	10
2	Técnicas de transmisión de movemento mediante elementos mecánicos	Determina-las cargas transmitidas polos elementos actuadores de sistemas mecánicos, hidráulicos e pneumáticos, e analiza-las leis físicas que os gobernan.	37	17
3	Esquemas hidráulicos e neumáticos	Montaxe e verificación de circuitos de fluidos tendo en conta a relación entre os seus elementos e a operatividade dos circuitos.	30	14

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	Sistemas de suspensión	Características e funcionamento dos diferentes sistemas de suspensión convencionais, pneumáticos, hidroneumáticos e eléctricos para os que se describe a situación e funcionamento dos elementos que o constitúen.	25	11
5	Diagnoses e localización de avarías	Localizar as avarías nos sistemas de suspensión antes citados, tendo en conta a relación entre os síntomas os efectos e as causas.	25	11
6	Mantemento e reparación de suspensións	Manter e repara se e preciso os sistemas de suspensión anteriormente citados	26	12
7	Sistemas de dirección e rodas	Características e funcionamento dos diferentes tipos de dirección así coma de rodas, na que se describe a función e a situación dos elementos que a constitúen.	18	8
8	Diagnoses e localización de avarías	Localizar as avarías nos sistemas de dirección e rodas tendo en conta entre os síntomas os efectos e as súas causas.	18	8
9	Mantemento e reparación dos sistemas de dirección e rodas	Manter os sistemas de dirección convencionais e asistidas así coma rodas aplicando os procedementos de traballo establecidos.	19	9

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Prevención de accidentes físicos e medioambientais	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identificáronse os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios e máquinas do taller de electromecánica.
CA3.2 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de electromecánica.
CA3.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación dos materiais, as ferramentas, as máquinas e os equipamentos de traballo empregados.
CA3.4 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

Criterios de avaliación

CA3.5 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

CA3.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.1.e) Contidos
Contidos

Riscos inherentes ao taller de electromecánica.

Medios de prevención.

Prevención e protección colectiva.

Equipamentos de protección individual.

Sinalización e seguridade no taller: fichas de seguridade.

Xestión ambiental: almacenamento e retirada de residuos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Técnicas de transmisión de movemento mediante elementos mecánicos	37

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as cargas transmitidas polos elementos actuadores de sistemas hidráulicos e pneumáticos, para o que analiza as leis físicas que os gobernan.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretáronse as características dos fluídos empregados nos circuitos.
CA1.2 Identificáronse as magnitudes e as unidades de medida máis usualmente empregadas en hidráulica e pneumática.
CA1.3 Aplicáronse os principios da física ao estudo do comportamento dos fluídos.
CA1.4 Estimáronse as perdas de carga que se producen na transmisión de forza mediante fluídos.
CA1.5 Valoráronse os problemas que ocasionan os rozamentos e os golpes de ariete.
CA1.6 Seleccionáronse as características de funcionamento dos principais elementos hidráulicos e pneumáticos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Fluídos: propiedades, magnitudes e unidades.
OTratamento de sinais coincidentes nos circuitos pneumáticos e hidráulicos secuenciais: mediante fins de carreira escamoteables; montaxe mediante método cascada e mediante sistema paso a paso.
Principios físicos dos fluídos: perdas de carga, rozamento, golpe de ariete, etc.
Transmisión de forza mediante fluídos.
Estrutura dos circuitos pneumáticos e hidráulicos básicos.
Función e aplicación de compoñentes de pneumática: grupo compresor, acumuladores e sistemas de regulación; tubaxes, mangas e elementos de conexión; unidade de mantemento, válvulas ou elementos de control (direccionais, de presión e de caudal), actuadores
Función e aplicación de compoñentes de hidráulica: grupo bomba, acumulador e depósito; tubaxes, mangas e elementos de conexión; válvulas ou elementos de control, actuadores hidráulicos, etc.
Tipos de mandos en circuitos pneumáticos e hidráulicos segundo a acción de mando: directos, indirectos e con regulación de velocidade.
Tipos de mandos en circuitos pneumáticos e hidráulicos segundo o grao de autonomía: manuais, semiautomáticos e automáticos.
Simboloxía.

Contidos
<p>Estrutura das redes de distribución aberta e pechada.</p> <p>Interpretación de esquemas.</p> <p>Aparellos de medida e control.</p> <p>Actuadores hidráulicos e pneumáticos.</p> <p>Estanquidade e impermeabilización dos circuitos.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Esquemas hidráulicos e neumáticos	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as cargas transmitidas polos elementos actuadores de sistemas hidráulicos e pneumáticos, para o que analiza as leis físicas que os gobernan.	NO
RA2 - Monta circuitos de fluídos tendo en conta a relación entre a función dos seus elementos e a operatividade do circuito.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Interpretouse a simboloxía de elementos e esquemas utilizada nos circuitos de fluídos.
CA1.8 Interpretouse o funcionamento dos elementos hidráulicos e pneumáticos no circuito ao que pertencen.
CA1.9 Relacionáronse as magnitudes do circuito coas cargas transmitidas.
CA2.1 Deseñáronse circuitos pneumáticos e hidráulicos básicos e secuenciais utilizando simboloxía normalizada (representación dos circuitos e elaboración dos diagramas das fases de traballo).
CA2.2 Deseñáronse circuitos electropneumáticos e electrohidráulicos básicos utilizando simboloxía normalizada (representación dos circuitos e elaboración dos diagramas das fases de traballo).

Criterios de avaliación
CA2.3 Interpretouse o funcionamento do circuíto.
CA2.4 Realizouse sobre panel a montaxe dos elementos que constitúen o circuíto.
CA2.5 Comprobáronse as funcións das cartas electrónicas asociadas ao circuíto cos equipamentos adecuados.
CA2.6 Realizouse o axuste de parámetros utilizando documentación técnica.
CA2.7 Efectuáronse as medidas de parámetros e verificouse que coincidan coas especificacións de montaxe.
CA2.8 Obtívose a caída de presión na instalación, mediante ábacos e táboas.
CA2.9 Comprobouse a estanquidade e a operatividade do circuíto seguindo procedementos establecidos.
CA2.10 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.3.e) Contidos

Contidos
Montaxe e axuste de elementos.
Mantemento dos circuitos hidráulicos e pneumáticos.
Procesos de actuación para resolución de avarías.
Estanquidade e impermeabilización dos circuitos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Sistemas de suspensión	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o funcionamento dos sistemas de suspensión, para o que describe a situación e a funcionalidade dos elementos que os constitúen.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os principios físicos aos que está sometido un vehículo cos traballos e as oscilacións que se producen nos sistemas de suspensión.
CA1.2 Relacionáronse co tipo de suspensión as características e o funcionamento dos elementos que a constitúen.
CA1.3 Relacionáronse coas súas funcións os elementos electrónicos empregados nos sistemas de suspensión.
CA1.4 Interpretáronse esquemas pneumático-hidráulicos de diversos sistemas.
CA1.5 Interpretáronse esquemas de funcionamento eléctrico-electrónico de diversos sistemas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Principios físicos que actúan sobre o vehículo.
Tipos, misión e designación de elementos de guía e apoio: rodamentos, silentblocs, cascos, rótulas, etc.
Características, constitución e funcionamento de diversos elementos.
Tipos de suspensión: características, constitución e funcionamento.
Esquemas de funcionamento.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Diagnoses e localización de avarías	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o funcionamento dos sistemas de suspensión, para o que describe a situación e a funcionalidade dos elementos que os constitúen.	SI
RA2 - Localiza avarías nos sistemas de suspensión, tendo en conta a relación entre os síntomas, os efectos e as súas causas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os principios físicos aos que está sometido un vehículo cos traballos e as oscilacións que se producen nos sistemas de suspensión.
CA1.2 Relacionáronse co tipo de suspensión as características e o funcionamento dos elementos que a constitúen.
CA1.3 Relacionáronse coas súas funcións os elementos electrónicos empregados nos sistemas de suspensión.
CA1.4 Interpretáronse esquemas pneumático-hidráulicos de diversos sistemas.
CA1.5 Interpretáronse esquemas de funcionamento eléctrico-electrónico de diversos sistemas.
CA2.1 Realizouse o diagrama de secuencia lóxica do proceso de diagnóstico de avarías.
CA2.2 Empregáronse diagramas de localización de avarías guiadas.
CA2.3 Comprobouse a posible existencia de ruidos, esvaramentos ou perdas de fluídos nos sistemas de suspensión.
CA2.4 Realizouse a conexión e a calibración das ferramentas de proba ou medida.
CA2.5 Medíronse valores de presións hidráulicas e pneumáticas.
CA2.6 Comparáronse os valores de presión medidos cos reflectidos na documentación técnica.
CA2.7 Realizouse a extracción de datos das centrais electrónicas para determinar a avaría.
CA2.8 Comparáronse os parámetros obtidos das centrais electrónicas cos facilitados en especificacións técnicas.

Crterios de avaliación

CA2.9 Determináronse as pezas que cumpra reparar, axustar ou substituír.

CA2.10 Planificouse de xeito metódico a realización das actividades en previsión de posibles dificultades.

CA2.11 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.5.e) Contidos
Contidos

Principios físicos que actúan sobre o vehículo.

Tipos, misión e designación de elementos de guía e apoio: rodamentos, silentblocs, cascos, rótulas, etc.

Características, constitución e funcionamento de diversos elementos.

Tipos de suspensión: características, constitución e funcionamento.

Esquemas de funcionamento.

Diagramas de diagnóstico de avarías.

Métodos guiados para a resolución de avarías.

Equipamentos e medios de medición, control e diagnose.

Interpretación de parámetros: os de lectura directa e os subministrados polos equipamentos de autodiagnose do vehículo.

Procesos de actuación para resolución de avarías.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Mantemento e reparación de suspensións	26

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Mantén os sistemas de suspensións convencionais e pilotadas, para o que interpreta e aplica procedementos de traballo establecidos.	SI
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionáronse os medios, as ferramentas e os utensilios específicos necesarios para a actuación sobre os elementos.
CA3.2 Realizouse a desmontaxe, a montaxe e a regulación dos elementos elásticos, aplicando as técnicas establecidas para cada sistema.
CA3.3 Realizouse a desmontaxe, a montaxe e o axuste dos elementos de amortecemento, empregando as medidas de seguridade fixadas.
CA3.4 Realizouse o mantemento de conducións, válvulas e repartidores en función do seu estado.
CA3.5 Realizouse a carga de fluídos no circuito e verificáronse as presións de traballo.
CA3.6 Realizouse o axuste de altura baixo vehículo.
CA3.7 Aplicáronse os pares de aperto reflectidos na documentación técnica.
CA3.8 Realizouse a recarga de datos e borrouse a memoria de avarías das centrais electrónicas.
CA3.9 Axustáronse os parámetros aos valores especificados na documentación técnica.
CA3.10 Verificouse que tras as intervencións realizadas se restituía a funcionalidade do sistema.
CA3.11 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA4.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios e máquinas do taller de electromecánica.
CA4.2 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de electromecánica.

Criterios de avaliación

CA4.3 Identifícaronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación dos materiais, as ferramentas, as máquinas e os equipamentos de traballo empregados.

CA4.4 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

CA4.5 Clasifícaronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

CA4.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.6.e) Contidos**Contidos**

Técnicas de desmontaxe e montaxe dos elementos de suspensión.

Precaucións e seguridade no mantemento dos elementos de suspensión.

Recarga de fluídos.

Axuste dos elementos de suspensión.

Interpretación de documentación técnica e manuais de funcionamento.

Axuste de parámetros.

Riscos inherentes ao taller de electromecánica.

Medios de prevención.

Prevención e protección colectiva.

Equipamentos de protección individual (EPI).

Sinalización e seguridade no taller: fichas de seguridade.

Xestión ambiental: almacenamento e retirada de residuos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Sistemas de dirección e rodas	18

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o funcionamento dos sistemas de dirección e rodas, para o que describe a situación e a funcionalidade dos elementos que os constitúen.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os principios físicos aos que está sometido un vehículo cos traballos e as oscilacións que se producen nos sistemas de dirección e rodas.
CA1.2 Relacionáronse as características de funcionamento dos elementos ou mecanismos de dirección co sistema ao que pertencen.
CA1.3 Relacionouse a xeometría de dirección cos principios cinemáticos que a xustifican.
CA1.4 Describiuse a constitución e o funcionamento dos sistemas de orientación de rodas traseiras.
CA1.5 Relacionáronse coas súas funcións os elementos electrónicos empregados nos sistemas de dirección.
CA1.6 Interpretáronse os esquemas hidráulicos de diversos sistemas.
CA1.7 Interpretáronse esquemas de funcionamento eléctrico-electrónico de diversos sistemas.
CA1.8 Interpretáronse as características de rodas e pneumáticos segundo a súa constitución.
CA1.9 Describiuse a constitución e o funcionamento dos sistemas electrónicos de control de presión dos pneumáticos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Principios físicos que actúan sobre o vehículo.
Elementos de guía e apoio.
Características, constitución e funcionamento de diversos elementos.
Xeometría da dirección e principios cinemáticos.
Mecanismos e mandos que integran as direccións.
Sistemas de control electrónico de presión dos pneumáticos.
Esquemas de funcionamento.
Rodas e pneumáticos: características, identificación e lexislación relativa.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Diagnoses e localización de avarías	18

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Localiza avarías nos sistemas de dirección e rodas, tendo en conta a relación entre os síntomas, os efectos e as súas causas.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Realizouse o diagrama de secuencia lóxica do proceso de diagnóstico de avarías.
CA2.2 Empregáronse diagramas de localización de avarías guiadas.

Criterios de avaliación
CA2.3 Comprobase a posible existencia de ruídos, esvaramentos ou perdas de fluídos nos sistemas de dirección e rodas.
CA2.4 Realízouse a conexión e a calibración das ferramentas de proba ou medida.
CA2.5 Medíronse valores de presións hidráulicas.
CA2.6 Comparáronse os valores de presión medidos cos reflectidos na documentación técnica.
CA2.7 Relacionouse coas súas causas o desgaste dos pneumáticos.
CA2.8 Realízouse a extracción de datos das centrais electrónicas para determinar a avaría.
CA2.9 Comparáronse os parámetros obtidos das centrais electrónicas cos facilitados en especificacións técnicas.
CA2.10 Determináronse as pezas para reparar, axustar ou substituír.
CA2.11 Planificouse de xeito metódico a realización das actividades en previsión de posibles dificultades.
CA2.12 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.8.e) Contidos

Contidos
Diagramas de diagnóstico de avarías.
Métodos guiados para a resolución de avarías.
Equipamentos e medios de medición, control e diagnose.
Interpretación de parámetros: os de lectura directa e os subministrados polos equipamentos de autodiagnose do vehículo.
Procesos de actuación para resolución de avarías.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Mantemento e reparación dos sistemas de dirección e rodas	19

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Mantén os sistemas de direccións convencionais e asistidas, para o que interpreta e aplica procedementos de traballo establecidos.	SI
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Realízouse o equilibrio estático e dinámico do conxunto roda-pneumático.
CA3.2 Realízouse a desmontaxe e a montaxe de pneumáticos aplicando as técnicas establecidas para cada tipo de pneumático.
CA3.3 Realízouse a localización e a reparación de perdas de presión, así como a verificación de estanquidade en pneumáticos.
CA3.4 Comprobouse a excentricidade radial e lonxitudinal do conxunto da roda.
CA3.5 Realízouse a desmontaxe e a montaxe dos elementos que constitúen o sistema de dirección.
CA3.6 Realizáronse cálculos de relacións de transmisión nas direccións desmontadas.
CA3.7 Respectáronse as medidas de seguridade e os axustes no manexo de elementos de seguridade pasiva.
CA3.8 Seleccionouse e interpretouse a documentación técnica relacionada co proceso de reparación e mantemento.
CA3.9 Realizáronse todas as comprobacións previas antes de proceder ao aliñamento da dirección.
CA3.10 Seleccionáronse e calibráronse o equipamento e as ferramentas necesarias.

Criterios de avaliación
CA3.11 Realizouse o axuste dos ángulos que forman a xeometría de dirección.
CA3.12 Comprobose a transmisión de esforzos a través dos elementos de mando.
CA3.13 Comprobose que non existan rúidos anómalos nos sistemas intervidos, e verificouse que tras as intervencións realizadas se restituía a funcionalidade requirida.
CA3.14 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA4.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios e máquinas do taller de electromecánica.
CA4.2 Descríbíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de electromecánica.
CA4.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación dos materiais, as ferramentas, as máquinas e os equipamentos de traballo empregados.
CA4.4 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA4.5 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA4.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.9.e) Contidos

Contidos
Equilibrase estática e dinámica.
0Procesos de reparación e mantemento dos sistemas de dirección.
Técnicas de desmontaxe e montaxe de pneumáticos.
Procesos de reparación e mantemento de pneumáticos.
Procesos de comprobación da excentricidade radial e lonxitudinal do conxunto da roda.
Técnicas de desmontaxe e montaxe de elementos de dirección.
Cálculo de transmisión de movemento.
Comprobacións previas que se deben realizar antes de efectuar o aliñamento de dirección.

Contidos

Aliñamento de dirección.

Cotas de dirección: verificación e axuste.

Riscos inherentes ao taller de electromecánica.

Medios de prevención.

Prevención e protección colectiva.

Equipamentos de protección individual.

Sinalización e seguridade no taller: fichas de seguridade.

Xestión ambiental: almacenamento e retirada de residuos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**MÍNIMOS ESIXIBLES**

Os mínimos esixibles indícanse como tales na penúltima columna dos apartado 4.c. de cada unidade didáctica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN OU CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación do alumnado que cursa ensinanzas de formación profesional en Galicia ven regulado pola Orde do 12 de xullo de 2011, da Dirección Xeral de Formación profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional.

Para poder alcanzar a cualificación positiva no módulo o/a alumno/a terá que ter alcanzados os criterios de avaliación que sexan mínimos esixibles reflexados en cada unidade didáctica e as cualificacións poñeranse en función das notas alcanzadas nas probas escritas, orais e prácticas de taller; para poder levar un control da evolución do alumnado a profesora terá un cuaderno de aula onde se irá anotando as incidencias, cualificacións, e a evolución dos traballos que se realizan no taller, de forma individual para cada alumno/a.

Terá especial relevancia no módulo o traballo en equipo, o coidado do material e instalacións así como a utilización de equipos de seguridade. Se os/as alumnos/as incumpiran algunha destas dúas últimas cuestións poderíase impedir a entrada na aula taller.

A suma das notas de cada UD aplicándose a % do peso correspondente, supón o 100% da nota final do módulo.

Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5.

As cualificacións do alumnado levaranse a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza xefatura de estudos.

A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10.

Os contidos conceptuais ponderarán un 50% da nota final.

Os contidos procedimentais ponderarán un 50% da nota final.

En ámbolos contidos terase en conta os contidos actitudinais do alumnado no tocante ás actividades propostas.

Se como consecuencia da distribución de contidos ao longo do curso, en algunha avaliación parcial, a carga de contidos conceptuais ou procedimentais fose nula ou moi reducida, modificaránse axeitadamente as porcentaxes de ponderación, mantendo as indicadas para nota final.

O módulo considerárase superado se se teñen superado (mínimo dun 5) cada unha das tres avaliacións.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A nota de avaliación será consecuencia da aplicación dos criterios de homoxeneización sobre as puntuacións obtidas ao longo do período avaliado. Estas puntuacións procederán de:

- Probas teóricas escritas referidas a conceptos teóricos, resolución de problemas, etc., consistentes en resolución de problemas, resposta a preguntas curtas, tipo test, cuestións verdadeiro/falso ou combinación das mesmas. A puntuación de cada pregunta ou cuestión estará indicado no mesmo exame.

As probas escritas serán un mínimo de unha por cada trimestre. Se o exame contén preguntas tipo test, cabe indicar que cada dúas preguntas mal contestadas restarán unha ben; preguntas en branco nin restan nin suman.

Poderán formar parte da puntuación correspondente ás probas teóricas, as puntuacións acumuladas derivadas da resolución de cuestións plantexadas no desenvolvemento das clases, correspondentes a contidos que o/a alumno/a debe coñecer nese intre.

A entrega de diferentes traballos de tipo teórico (exercicios, esquemas, resumos. Etc.) que poderán incrementar a nota final teórica en ate un punto. Sendo a súa calificación a media ponderada de todas as actividades propostas pola profesora. Aqueles traballos que sexan de obrigada entrega serán presentados na aula virtual no formato e data establecida para os mesmos.

No caso de realizar dous ou máis exames, a nota mínima para facer media será dun 4.

O mínimo esixible neste apartado será de 5 puntos sobre 10.

- En canto as probas prácticas a profesora rexistrará o resultado de avaliación de cada práctica, e a suma ponderada de todas as puntuacións.

Ponderaranse as distintas prácticas conforme a súa relevancia (dificultade, tempo dedicado, etc.). Cada práctica de taller estará acompañada da correspondente ficha de práctica conforme ao formato e contidos indicados pola profesora. Nesta mesma ficha se reflexará, do mesmo xeito, a puntuación de cada unha das partes nas que estea dividida.

En canto aos criterios de corrección para as probas de taller terase en conta que a proba ou práctica estea correctamente realizada en tempo segundo os procesos indicados na ficha de prácticas, empregando os apeiros ou útiles, equipos ou ferramentas específicas dun xeito adecuado, co emprego dos equipos de seguridade e hixiene, EPIS, necesarios, demostrando orde na realización da práctica, limpeza no proceso, así como os propios criterios especificados en cada proba.

Cada alumno/a realizará por avaliación unha serie de prácticas. Estas poderán consistir na resolución de exercicios ou de supostos prácticos sobre a materia. Unha vez entregadas en prazo e forma, a avaliación realizárase de maneira individual para cada alumno/a, que será convocado pola profesora para a presentación, exposición e defensa de cada práctica realizada e entregada.

Na parte práctica, evaluarase o resultado final do traballo así como a evolución do proceso que terá que ser igual ou superior a 5.

No caso de realizar dous ou máis prácticas, a nota mínima para facer media será dun 4.

O mínimo esixible neste apartado será de 5 puntos sobre 10.

Quen incumpra o desenvolvemento dos exames ou probas prácticas, nos que está prohibido copiar, falsear datos, enviar ou recibir información por calquer medio, quedará automaticamente anulado o seu examen ou proba práctica. Do mesmo xeito actuacións que poñan en perigo a integridade física dun compañeiro/a de forma intencionada consideraranse falta de orde e suporá a cualificación da propia práctica cun 0; se un alumno/a prexudica a realización da parte práctica dun compañeiro/a, terá suspenso. Terá dereito a recuperar na proba extraordinaria cando o profesor determine ou na época de recuperación que estean ditaminados polo centro.

No caso de que nalgún dos trimestres non se poda asistir ao taller ou poder realizar os traballos prácticos, terase en conta só a parte teórica, entendendo que poden existir partes prácticas que sexan realizadas como probas escritas.

Na nota de avaliación en caso de non superar a parte teórica ou a práctica será reflexada a nota menor.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o periodo de recuperación establecido polo centro estableceranse unha data na que cada alumna/o realizará unha última recuperación das probas non superadas.

Exisiráselles nesta recuperación, traballos, tarefas e prácticas sobre os contidos non acadados, así como probas ou exame teórico/práctico. Na calificación terase en conta os progresos feitos polo alumno durante o periodo de recuperacións para acadar os contidos mínimos esixibles.

Esta recuperación estarán encamiñadas a que o/a alumno/a, que non superou o módulo, acade os coñecementos necesarios para cumprir cos contidos mínimos. Adaptaranse as circunstancias de tempo dispoñible nese período, así como se incidirá naqueles temas nos que o/a alumno/a presente mais dificultades.

A superación do módulo requirirá acadar unha puntuación igual ou superiores a CINCO en cada un dos apartados a recuperar por o/a alumno/a.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

As probas de avaliación extraordinaria para o alumnado que perda o dereito a avaliación continua, e máis para aquel alumnado pendente de cursos anteriores, realizarase nas datas que o centro estableza para tal fin. O alumno/a realizará unha proba práctica/escrita que asegure que acadou os obxectivos das unidades que se programaron. A nota final da avaliación será a nota da proba realizada, considerandose positiva a puntuación igual ou superior a cinco puntos sobre un total de 10 puntos.

Para superar o módulo, a nota mínima, terá que ser de 5 puntos sobre 10.

A proba de avaliación extraordinaria, terá o seguinte formato:

O alumnado será orientado previamente sobre a forma de realizar ditas probas que consistirán en probas obxectivas achega dos criterios de avaliación do módulo considerados mínimos esixibles para a adquisición da avaliación positiva.

A data da proba porase no taboleiro de anuncios do centro, con unha antelación mínima de 15 días naturais.

As probas serán as seguintes:

1ª proba: Cuestionario teórico que abrangue os contidos mínimos de tódalas unidades didácticas.

2ª proba: Unha proba práctica acorde ós contidos mínimos esixidos en cada avaliación.

Os contidos conceptuais valoraranse cunha porcentaxe do 50% e os procedimentais cun 50%, dando a nota resultante para a avaliación dos alumnos. A cualificación será de 1 a 10. Considerándose positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. Será necesario acadar como mínimo un cinco en cada proba para obter a superación do módulo.

Estas probas tanto conceptuais como procedementais podrán durar varios días.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación didáctica realízase tomando como referencia o contido o Decreto 94/2011, de 28 de ABRIL, (que desenrola o Real Decreto 453/2010), que establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente o título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles.

Alomenos unha vez ao mes, en reunión de departamento, realízase o seguimento das programacións de cada módulo, en caso dalgunha desviación, xustificárase razoadamente.

Analízanse, entre outros, os seguintes aspectos:

- O desenvolvemento na clase da programación
- Relación entre obxectivos e contidos
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais
- Grado de consecución dos obxectivos

- Participación do alumnado
- Ambiente de traballo tanto na aula coma no taller
- Relación entre os alumnos/as
- Relación entre os alumnos/as e os profesores/as.
- Relación intermodular.

O final do curso o profesor completará un formulario por cada módulo que impartiu no que se recollerán os seguintes aspectos:

Porcentaxe dos contidos traballados, xustificación dos que non se puideron completar.

Porcentaxe do alumnado que supera o módulo e de aqueles que non acadaron os obxectivos mínimos.

Actividades complementarias e extraescolares realizadas.

Acordos cara o curso vindeiro.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para realizar a avaliación inicial seguiranse as instrucións da xefatura de estudos e da titoría do grupo. Para isto nos primeiros días recompilarase toda información posible, relevante do alumnado respecto a poder determinar as potencialidades ou dificultades de cada un, e así definir con máis eficacia o desenvolvemento do módulo. Esta avaliación inicial daranos unha idea do nivel inicial e tamén servirá para detectar posibles dificultades de aprendizaxe.

A fonte de datos a utilizar no módulo para a avaliación inicial serán:

- O primeiro día de clase realizarase unha presentación do alumnado tratando de detectar inquietudes profesionais, experiencia profesional previa, formación previa, etc.
- Na primeira semana realizarase un cuestionario non avaliable, sobre contidos xerais do módulo.
- Realizarase un seguimento e evolución académica os primeiros días. Prestarase especial atención ás actitudes e aptitudes de cada alumno/a na aula e taller, interés por prácticas no extranxeiro, habilidades e destreza, posibles necesidades especiais, etc.
- Estudo de informes que se dispoñan, outros estudos, expediente académico subministrado polo titor, etc.

Todo isto co fin de aportar impresións e chegar a conclusións dentro da devandita reunión de avaliación co resto do equipo docente, á hora de perfilar actuacións a levar a cabo para mellorar o rendemento formativo de cada alumno/a. En dita reunión comentarase tamén a observación ou non dalgún alumno/a con posibles NEE. Solicitando, de ser preciso, a colaboración do Departamento de Orientación no deseño de estratexias metodolóxicas e de acceso ao currículo. Segundo o exposto do PXAD (Plan Xeral de Atención á Diversidade).

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para recuperar aqueles aspectos que non foron acadados satisfactoriamente polo alumno, plantexaranse actividades extras para compensar as carencias que sexan detectadas, e poder acadar os resultados de aprendizaxe.

As accións previstas son:

- Actividades máis sinxelas seguindo unha orde crecente de dificultade.
- Integración de alumnos con problemas en grupos de traballo mixtos buscando que non se atopen discriminados. O fin é que os compañeiros colaboren en crear un bo ambiente de grupo e de traballo, favorecendo a súa vez o proceso de aprendizaxe.
- Apoio do profesor ao alumno ou alumna no momento e da forma que estime máis conveniente.
- Material complementario de lectura, apuntes, exercicios resoltos, etc. Así como páxinas web con animacións, vídeos, etc.
- Desenrolo de exposicións dalgúns dos traballos que os alumnos van facendo.
- Para alumnos máis adiantados, tamén se realizarán actividades complementarias con maior grao de dificultade e de complexidade na resolución de problemas.
- Adecuación das actividades e do contorno a outras necesidades específicas do alumno/a.

Terase especialmente en conta, posibles informes e recomendacións do departamento de orientación respecto ao alumnado con necesidades especiais.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Durante todo o curso, o alumnado do módulo incorporará no seu traballo actitudes e comportamentos de acordo aos seguintes temas.

Educación ambiental:

Fará fincapé na importancia de cumprir as normas medioambientais (eliminación de residuos como aceites, combustibles sucios etc. segundo as normativas vixentes).

Educación para a saúde:

Introducírase a educación para a saúde nas unidades didácticas relacionadas coa seguridade e hixiene no traballo, así como cada vez que se trate o uso e funcionamento dalgunha ferramenta.

Educación para a convivencia:

A educación para a convivencia manifestarase nos traballos en grupo, que teñen lugar no módulo.

En todo o proceso de formación poñerase en valor de forma integral o respecto aos demais, actitudes positivas na resolución de problemas, actitudes colaborativas e de compensación de potenciais dentro do grupo. Así como o fomento de prevención de riscos, capacidade de organización, secuenciación de accións, etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non se prevé ningunha actividade complementaria nin extraescolar específica para este módulo durante o presente curso, pero participárase naquelas que a nivel departamental se programen no transcurso do curso.

O longo do curso se e preciso realizaranse tarefas de mantemento nas instalacións do taller nas que colaboren os alumnos/as se o desenrolo da programación o permite, xa que estas tarefas so do proveito para adquirir destrezas e habilidades básicas necesarias para alcanzar os mínimos esixibles.

10.Outros apartados

10.1) Información ao alumnado

Na primeira semana do curso informaráselles aos alumnos sobre o desenvolvemento da programación, temporalización, criterios de avaliación e cualificación.

Os alumnos terán acceso ás programacións a través da páxina web do centro e mesmo na aula virtual do módulo, onde poderán consultalas para que poidan preguntar calquera dúbida que lle será aclarada polo profesor do módulo que lle corresponda.

10.2) Medidas excepcionais.

No caso de que non se poidan impartir as clases de maneira presencial, os contidos conceptuais das distintas unidades didácticas pendentes de impartir transmitiráselle ao alumnado mediante videoconferencia co software de Cisco Webex e co apoio da aula virtual do propio centro.

Realizaranse avisos a través da aula virtual e da aplicación ABALAR

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CD2TMV000200	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0156	Inglés profesional (GM)	2024/2025	2	60	72

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO AMOZA DÁVILA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

RA1. Comprende información de índole profesional e cotiá contida en discursos orais sinxelos, emitidos en lingua estándar, descifrando o contido global da mensaxe e relacionándoo cos recursos lingüísticos correspondentes.

CA1.1. Situouse a mensaxe no seu contexto por medio da análise das súas características textuais e contextuais.

CA1.2. Identificouse o fío argumental de mensaxes orais e determináronse os roles que aparecen nestes.

CA1.3. Recoñeceuse a finalidade da mensaxe, tanto directa como telefónica ou en calquera outro medio auditivo.

CA1.4. Extraeuse información específica contida en discursos orais, en lingua estándar, relacionados coa vida social, profesional ou académica.

CA1.5. Secuenciáronse os elementos constituíntes da mensaxe.

CA1.6. Identificáronse e resumíronse con claridade as ideas principais dun discurso sobre temas coñecidos, transmitido polos medios de comunicación e emitido en lingua estándar.

CA1.7. Recoñecéronse as instrucións orais e seguíronse as indicacións, e foi quen de concluír se precisan unha resposta verbal ou unha non verbal.

CA1.8. Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe sen necesidade de entender todos os seus elementos.

CA1.9. Serviuse da análise da entoación e dos elementos visuais para identificar os diversos significados e as intencións comunicativas do emisor.

RA2. Comprende información profesional contida en textos escritos sinxelos, analizando de forma comprensiva o seu contido.

CA2.1. Seleccionáronse os materiais de consulta e dicionarios técnicos para a comprensión do texto.

CA2.2. Léronse de forma comprensiva textos claros en lingua estándar.

CA2.3. Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refire.

CA2.4. Recoñecéronse as ideas principais dun texto escrito identificando a información relevante, sen necesidade de entender todos os elementos do devandito texto.

CA2.5. Identificouse a terminoloxía utilizada, así como as estruturas gramaticais e demais elementos característicos de cada tipoloxía discursiva.

CA2.6. Realizáronse traducións de textos en lingua estándar utilizando material de apoio en caso necesario.

CA2.7. Interpretouse a mensaxe recibida a través de soportes telemáticos ou de calquera outro tipo.

CA2.8. Recoñeceuse a finalidade de distintos textos escritos en calquera soporte, en lingua estándar e relacionados coa actividade profesional.

CA2.9. Extraeuse información específica de textos de diferente natureza, relativos á súa profesión e contidos en distintos soportes.

RA3. Produce mensaxes orais sinxelas, claras e estruturadas, participando como axente activo en conversas profesionais.

CA3.1. Determináronse os rexistros máis adecuados para a emisión da mensaxe.

CA3.2. Comunicouse utilizando fórmulas, nexos, marcadores discursivos e estratexias de interacción acordes á situación de comunicación.

CA3.3. Descríbóronse feitos breves e imprevistos relacionados coa súa profesión.

CA3.4. Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.

CA3.5. Expresáronse sentimentos, ideas ou opinións.

CA3.6. Enumeráronse as actividades propias da tarefa profesional.

CA3.7. Descríbiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia.

CA3.8. Xustificouse a aceptación ou non de propostas realizadas facendo uso de normas de cortesía e de modais apropiados.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A xestión e a planificación da prevención na empresa	17

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Clasifícanse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos
CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste

Crterios de avaliación

CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención

4.3.e) Contidos
Contidos

Marco normativo.

0Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.

Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).

Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.

Actuación en caso de risco grave e inminente.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.

Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Medidas de prevención e protección. Os primeiros auxilios	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Identifícaronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.</p> <p>Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.</p> <p>Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.</p> <p>Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa.</p> <p>Composición da caixa de primeiros auxilios.</p> <p>Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.</p> <p>Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.</p> <p>Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O dereito do traballo e modalidades contractuales	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais
CA4.3 Identifícanse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo
CA4.5 Identifícanse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Dereito do traballo.</p> <p>Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.</p> <p>Análise da relación laboral individual.</p> <p>Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.</p> <p>Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	As relacións colectivas no traballo	11

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	NO
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folia de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título
CA4.4 Identificáronse os compoñentes do recibo de salario

4.6.e) Contidos

Contidos
<p>A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.</p> <p>Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.</p> <p>Conflitos colectivos na empresa.</p> <p>Representación das persoas traballadoras na empresa.</p> <p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación.</p> <p>Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais.</p> <p>Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.</p>

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Xornada,, o salario e modificación, suspensión e extinción do contrato	18

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Identifícanse os compoñentes do recibo de salario
CA4.7 Analízanse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.</p> <p>Análise do recibo de salario e das súas partes.</p> <p>Seguridade Social e estado do benestar.</p>

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A Seguridade Social	15

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.6 Analízase o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía

4.8.e) Contidos

Contidos
<p>Estrutura do sistema de Seguridade Social.</p> <p>Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.</p> <p>Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.</p> <p>Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).</p>

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A procura de emprego e a selección de persoal	12

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	SI
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folia de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	SI
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo
CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococñecemento
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título
CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional
CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA2.6 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional
CA2.7 Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais
CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador
CA2.9 Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional
CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral
CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego
CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias
CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral
CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade

Criterios de avaliación
CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade
CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade
CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade
CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional
CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual

4.9.e) Contidos

Contidos
<p>Traballo na Administración pública.</p> <p>Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.</p> <p>Traballo por conta allea e traballo por conta propia.</p> <p>Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.</p> <p>Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.</p> <p>Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.</p> <p>Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública</p> <p>Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.</p> <p>Estratexias para superar as eivas de comunicación.</p> <p>Oportunidades de formación e emprego en Europa.</p> <p>Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.</p> <p>Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.</p>

Contidos

Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.

Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.

Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.

Información sobre a estrutura do sistema educativo.

Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.

Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.

Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.

Habilidades sociais e habilidades de comunicación.

Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.

Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.

Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.

Habilidades de organización e xestión.

Conflicto: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.

Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.

A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.

Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.

Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.

Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional.

Concepto e características.

Relevancia para a empregabilidade..

Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinaros; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión.

Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.

Contidos

Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional.

Concepto.

Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.

Protección de datos persoais e identidade dixital.

Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade.

Necesidade dunha avaliación periódica do progreso.

Pegada e reputación dixital.

Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.

Retos laborais derivados da contorna dixital.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de cualificación utilizados para determinar a cualificación individual do módulo terían en conta os seguintes aspectos:

Resultados obtidos nas probas escritas individuais que serán realizadas ao longo do curso.

Valorización dos traballos e tarefas propostos mediante outros instrumentos de avaliación diferentes ás probas escritas, propostos para a súa realización tanto de maneira individual como colectiva.

Durante o curso serán desenvolvidas tres avaliacións, sendo calculada a cualificación de cada unha delas tendo en conta a seguinte ponderación:

As probas escritas significarán 70 por cento da cualificación da avaliación. Estas probas escritas poden consistir en cuestionarios con resposta múltiples, con resposta curta, con resposta numérica, con resposta tipo ensaio, con exercicios prácticos ou casos semellantes aos resolvidos nas aulas. Cada proba será valorizada entre 0 e 10 puntos, sendo a nota do trimestre neste apartado, a media aritmética de tódalas probas escritas realizadas durante o período de tempo de referencia.

O resto de instrumentos de avaliación (traballos e tarefas individuais e colectivas) significarán 30 por cento da cualificación da avaliación. Todos estes traballos e tarefas serán valorizados entre 0 e 10 puntos, sendo a nota do trimestre neste apartado, a media aritmética de todos os traballos entregados durante o período de tempo de referencia. . Para ser avaliados de forma positiva, os traballos entregados deberán cumprir os requerimentos de tempo e forma indicados polo profesor no momento de ser plantexados (plazos de entrega, formato, etc), salvo causa debidamente xustificada.

A cualificación final do módulo será calculada como a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións, sendo necesaria unha cualificación mínima en cada unha destas tres avaliacións de 5, para poder superar o módulo.

En caso contrario, a cualificación final do módulo, como máximo será de 4. Como é habitual, o módulo estará aprobado cando en cada unha destas tres avaliacións o alumnado alcance unha cualificación igual ou superior a 5.

Nota aclaratoria sobre o redondeo de decimais:

Nas avaliacións parciais, a cualificación redondeará os decimais por defecto ao enteiro desa cualificación. Non obstante, para o cálculo da cualificación final do módulo será realizada a media aritmética das tres avaliacións do curso tendo en conta todos os decimais desas cualificacións parciais, e tan só o resultado deste promedio será redondeado por defecto (os decimais teñen un valor inferior a 0,5) ou por exceso (os decimais teñen un valor igual ou maior a 0,5) ao enteiro máis próximo.

Os mínimos exixíbeis para alcanzar a avaliación positiva son:

Coñecerónse as características do traballo regulado polo Dereito Laboral.

Identificáronse as diferentes fontes do Dereito Laboral para podelas consultar en caso de necesidade.

Interpretáronse os principios de aplicación do Dereito Laboral.

Recoñecerónse os dereitos e deberes dos/as traballadores/as, así como os deberes e potestades dos/as empresarios/as.

Identificáronse os elementos que caracterizan un contrato de traballo e sabelo aplicar de forma igualitaria e non discriminatoria.

Distinguíronse as principais modalidades de contratación laboral.

Identificáronse os límites establecidos na normativa respecto a xornada de traballo.

Diferenciáronse os tipos de descansos laborais.

Distinguíronse os diferentes conceptos que integran a retribución económica do traballo.

Identificouse o concepto e contía do salario mínimo.

Calculouse a liquidación de unha nómina sinxela.

Identificáronse as garantías do salario.

Diferenciouse a representación unitaria da representación sindical.

Identificouse a forma de elección e as garantías dos/as representantes dos/as traballadores/as.

Diferenciáronse as funcións dos sindicatos e das asociacións de empresarios/as.

Descríbironse as partes dun convenio colectivo e o contido mínimo.

Delimitáronse os medios de presión dos/as traballadores/as e empresarios/as nun conflito colectivo.

Identificáronse as condicións da modificación do contrato de traballo e as opcións dos/as traballadores/as.

Identificáronse as causas e os efectos da suspensión do contrato de traballo.

Identificáronse as causas e os efectos da extinción do contrato de traballo.

Calculouse a liquidación de haberes que corresponde como consecuencia da extinción do contrato de traballo.

Diferenciáronse os diferentes réximes da Seguranza Social para coñecer as súas características.

Distinguíronse diferentes obrigacións de empresarios/as e traballadores/as respecto da Seguranza Social para o cumprimento adecuado da normativa vixente.

Identificáronse as bases de cotización e as cotas obreiras e empresariais co fin de liquidar os seguros sociais.

Identificáronse as diversas continxencias que cobre o sistema da Seguranza Social para poder acollerse a elas e recibir as prestacións correspondentes.

Determináronse as prestacións correspondentes ás diferentes continxencias protexidas pola Seguranza Social para poder acollerlos cando se teña dereito a elas.

Recoñecéronse as posibles situacións legais de desemprego para poder ter dereito á prestación ou subsidio.

Determinouse a duración e a contía da prestación por desemprego a fin de poder aplicalas a casos concretos.

Identificáronse os elementos fundamentais do funcionamento dun grupo de traballo, así como a tipoloxía e as funcións dos seus compoñentes, co fin de ter un criterio para valorar as vantaxes do traballo en equipo.

Coñecéronse as formas de traballar en equipo, as dinámicas grupais e as fases de desenvolvemento dun equipo de traballo para poder inserirse nun equipo de traballo.

Descríbironse as diferentes opcións de resolución de conflitos que permitan adoptar as medidas correctoras adecuadas a cada caso.

Analizáronse a importancia do feedback, a escoita activa e a asertividade co fin de aplicar técnicas de comunicación grupal.

Coñecéronse as tácticas, as pautas e as fases da negociación co fin de interactuar coas partes que tratan de resolver un conflito.

Identificáronse os itinerarios formativos relacionados co título.

Coñeceuse o proceso de procura de emprego tanto como traballador por conta propia ou allea.

Coñecéronse os principais conceptos básicos establecidos na Lei de prevención de riscos laborais.

Coñecéronse os dereitos e os deberes dos/as traballadores/as e materia de prevención de riscos laborais.

Identificáronse os principais factores de risco laboral.

Coñecéronse os danos derivados do traballo.

Coñeceuse como avaliar os riscos derivados do sector de actividade relacionado co título.

Coñecéronse as técnicas e medidas de prevención e protección especialmente equipos de protección individual e sinalización.

Coñecéronse as modalidades de organización da prevención na empresa.

Coñecéronse os organismos de representación e participación dos/as traballadores/as en materia de prevención de riscos laborais.

Identificáronse as fases de elaboración dun plano de emerxencia e evacuación.

Valorizouse a importancia e coñecer o contido do plano de prevención dunha empresa do sector.

Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aquel alumnado que non acade unha cualificación de 5 no proceso de avaliación continua, deberá recuperar as probas obxectivas non superadas e realizar o/s traballo/s pendente/s de ser o caso.

A recuperación das probas escritas consistirá na realización dun exame dos contidos pendentes e terá como referencia os contidos mínimos establecidos nesta programación. Este exame superárase sempre que obteña no mínimo 5 puntos.

A nota final acadarase tendo en conta o resto de instrumentos de avaliación empregados durante o curso de ser o caso.

Con anterioridade á realización da proba final realizaranse actividades de reforzo dos contidos de cada unidade formativa que a modo de orientación son expostos a continuación:

UF1

Para acadar RA1: Recoñece os dereitos e as obrigacións das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguranza e saúde laboral.

Repaso de contidos referentes a:

Conceptos básicos en materia de prevención.

Accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Obrigacións de persoas empresarias e traballadoras en materia de prevención:

Responsabilidades e sancións en materia de prevención.

Medidas de prevención e protección de riscos.

Para acadar RA2: Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional, para o que analiza as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector.

Repaso de contidos referentes a:

Clasificación de factores de risco e principais danos que xeran.

Avaliación de riscos xerais segundo o método do INSH.

Caso práctico de identificación dos principais factores de risco.

Para acadar RA3: Participa na elaboración dun plano de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados:

Repaso de aspectos relacionados con:

Os principios da acción preventiva.

As modalidades de organización da prevención nas empresas.

A participación das persoas traballadoras en materia de prevención.

A importancia do plan de prevención e o seu contido.

Para acadar RA4: Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral.

Repaso de aspectos relacionados con:

Medidas de prevención e de protección, EPI e Primeiros Auxilios.

UF2

Para acadar RA1: Participa responsabelmente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización:

Repaso de aspectos relacionados con:

Identificación e vantaxes dos equipos de traballo.

Características e fases dos equipos de traballo.

Técnicas de comunicación nos equipos de traballo.

Participación, dinámicas e avaliación nos equipos de traballo.

Características, causas, tipos e etapas dos equipos de traballo.

Procedementos de resolución de conflitos, en especial, a negociación.

Para acadar RA2: Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.

Repaso teórico e práctico de:

Características do traballo regulado polo Dereito laboral.

Fontes e principios do dereito laboral.

Principais dereitos e deberes das persoas traballadoras.

Interpretación do contido do contrato de traballo.

Principais modalidades contractuais.

Diferenciación entre conceptos salariais e non salariais.

Elaboración dunha nómina.

Principais aspectos relacionados coa xornada de traballo permisos de vacacións.

Supostos teóricos e prácticos de modificación suspensión e extinción de contratos.

Cálculo dun finiquito.

Análise dos aspectos fundamentais do convenio do sector.

Organismos de representación das persoas traballadoras e sindicatos.

Para acadar RA3: Determina a acción protectora do sistema da Seguranza Social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións:

Repaso teórico-práctico dos seguintes contidos:

Estrutura do sistema de Seguranza Social.

Principais obrigacións do empresario en materia de Seguranza Social.

Casos prácticos de cálculo de cotas de cotización das persoas traballadoras e empresarias incluídas no réxime xeral da Seguranza Social.

Principais prestacións contributivas da Seguranza Social.

Casos prácticos de cálculo de prestacións por IT, e desemprego.

Para acadar RA4: Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida:

Repaso de aspectos relacionados con:

Proceso de procura de emprego por conta allea: auto coñecemento, deseño de itinerario, competencias e formación requiridas, fontes de emprego, técnicas e instrumentos de emprego (carta, CV, ...), proxecto profesional, etcétera.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Deberán presentarse a esta proba de carácter global, todo o alumnado que perda o dereito a avaliación continua.

Isto último non se aplica á modalidade a distancia pois eles non perden o dereito a avaliación continua.

En todo caso, a cualificación obtida nesta proba final representa 100 por cento da nota final.

A proba abarcará todo o módulo e a nota resultante non difereza por UF.

O contido desta proba incluírá tanto preguntas teóricas (formato test), como supostos prácticos.

Utilizaranse polo menos un dos CA de cada un dos RA (4) que existen en cada UF. Isto implica que a proba terá polo menos 4 epígrafes en cada UF.

A proba será valorizada sobre 10 puntos, sendo necesario alcanzar unha puntuación igual ou superior a 5 para superar o módulo.

A cualificación debe ser expresada sen decimais, co cal será utilizado un proceso de redondeo por exceso ao enteiro máis próximo, sempre que os decimais sexan 0,5 ou superiores, ou por defecto en caso contrario. O redondeo por exceso só opera cando a cualificación inicial obtida sexa igual ou superior a 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

institucional que se encontra na ligazón <https://www.edu.xunta.es/programacions/>

Alén disto, en todas as reunións mensuais do departamento, un punto obrigatorio da orde do día é a confirmación de que estes seguimentos da aplicación están sendo realizados, así como o comentario de calquera incidencia no seguimento da programación.

Para o caso do seguimento da avaliación da práctica docente, utilizarase o modelo de enquisa de satisfacción do labor docente (MD82CLI03) que o alumnado debe realizar a proposta do/a titor/a de cada grupo trimestralmente. No caso de que esta enquisa non atinxira a puntuación mínima, o/a profesor/a envolvido/a reunirse co alumnado para tratar con máis profundidade aqueles itens en que o alumnado manifestara algunha desconformidade.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Seguindo o establecido no artigo 28 da Orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Esta información poderá proceder de diferentes fontes. Para alén da información fornecida polas titoras e titores correspondentes e pola propia área de Formación, os integrantes do departamento realizarán durante a primeira semana do curso unha proba de avaliación previa entre o alumnado do seu módulo. Para este fin será utilizado o modelo que aparece na epígrafe 10.2. da

presente programación.

Despois da avaliación inicial decidíranse as medidas concretas de actuación de acordo ao Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes. Tamén no artigo 33º epígrafe 1 do Decreto 114/2010, de 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia que ¿Os centros educativos desenvolverán o currículo das ensinanzas de formación profesional de acordo coas características e as expectativas do alumnado, con especial atención ás necesidades daquelas persoas que presenten unha discapacidade, e as posibilidades formativas do medio, especialmente no módulo profesional de formación en centros de traballo, e reflectirano na programación xeral anual tendo en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu ámbito socio productivo¿. Isto mesmo aparece no artigo 8º epígrafe 4 do Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

Unha medida que permite aplicar o artigo 61º do Decreto 114/2010, para o alumnado con necesidades educativas especiais é o das flexibilizacións modulares: ¿O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización diferente á establecida con carácter xeral. A consellaría con competencias en materia de educación establecerá o procedemento para a autorización das flexibilizacións modulares¿. No Capítulo VI, Alumnado con Necesidades Educativas Especiais, da Orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, exponse o procedemento a seguir, a documentación e os prazos. Esta medida debe ser decidida pola equipa docente co asesoramento do Departamento de Información e Orientación Profesional, nesa sesión de avaliación inicial do ciclo.

Outra posibilidade recomendábel para o alumnado con dificultades para abordar todo o currículo do ciclo sería a da incorporación ao réxime de adultos, onde pode ser cursado o ciclo de maneira modular, segundo sexa o seu ritmo de aprendizaxe. Na modalidade de adultos xa non é posíbel aplicar a medida de flexibilización modular.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Ao non esclarecer a lexislación específica sobre formación profesional de grao medio e superior, medidas de reforzo educativo, existindo só normas para outros niveis educativos correspondentes a idades teóricas de ensino anteriores, como son o Decreto 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos e o Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que tratan de algunha forma sobre estas medidas, faise necesario recorrer á literatura sobre o tópico e a diferentes publicacións da propia Consellaría e de entidades sen ánimo de lucro cuxo fin é promover melloras concretas en todos os ámbitos da vida das persoas que presentarían necesidades educativas especiais ou necesidades específicas de apoio educativo.

Por este motivo o primeiro sería definir que se entende por diversidade no ámbito educativo. Así, segundo Silva (2007, 3) sería ¿todas aquelas características excepcionais do alumnado, provocadas por diversos factores que requiren unha atención especializada para que todo o alumnado alcance un mesmo nivel de aprendizaxe¿. Isto provoca que ¿A atención á diversidade require unha abordaxe inclusiva, a cal, procura promover no profesorado unha formación teórico-práctica, configurando actitudes favorábeis para a diversidade e inclusión; e co coñecemento do desenvolvemento das persoas con necesidades educativas asociadas á discapacidade¿ (García, Massani e Bermúdez, 2016).

Entre as actuacións ou vías que se presentan para o tratamento da diversidade na formación profesional (Álvarez, 2018, 179) van ser desenvolvidas as seguintes:

Serán utilizadas metodoloxías didácticas diferentes, que se adapten aos diferentes graos de capacidades previas, aos diversos niveis de autonomía e responsabilidade do alumnado e ás dificultades ou súper logros detectados en procesos de aprendizaxe anteriores.

Serán adaptadas as actividades ás motivacións e necesidades do alumnado, presentando aquelas a un nivel situado entre o que xa saben facer autonomamente e o que son capaces de facer coa axuda e guía do profesorado ou dos/as seus/súas compañeiros/as. Será establecido de menor a maior a dificultade das tarefas, de tal maneira que todo o alumnado poida encontrar espazos de resposta adecuados ás súas capacidades.

As actividades e as prácticas colectivas propostas serán desenvolvidas en grupos heteroxéneos, prestando atención á repartición de tarefas e a unha asignación de funcións flexíbel.

Serán respectados os ritmos de aprendizaxe do alumnado, en función dos seus intereses, motivacións e capacidades.

Nas actividades de recuperación programadas, para o alumnado con máis dificultades de aprendizaxe serán definidas de maneira clara os conceptos que lle custa traballo comprender. Serán presentadas estas actividades tendo presente os niveis mínimos que deberá atinxir o alumnado.

Serán presentadas actividades de ampliación para que o alumnado poida mellorar o proceso de aprendizaxe.

Será mellorado o hábito de estudo e a responsabilidade.

Serán fomentadas as relacións sociais e a integración do alumnado do grupo.

Desta maneira, disporanse de actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de ampliación variando o grao de dificultade.

Igualmente, atenderase á diversidade na formulación das actividades, por iso presentaranse actividades básicas de reforzo e actividades de ampliación e afondamento, prestando unha axuda máis personalizada para fomentar a adquisición das habilidades necesarias para beneficiarse do traballo e da relación cos seus iguais. En calquera caso, prestarase especial atención perante necesidades de apoio e/ou reforzo, alumnado con TDAH, síndrome de Asperger, altas capacidades, incorporación serodia e/ou desvantaxes sociais e doenzas que impiden unha regular escolarización.

En relación ó desenvolvemento persoal e social evítanse as comparacións descualificadoras do alumnado tanto sexan polas súas dificultades, como polas súas diferenzas.

A respecto da interacción entre iguais, fomentaranse as relacións de aceptación, axuda mutua, cooperación e respecto polas diferenzas, tan importantes para que o alumnado que teña dificultades na aprendizaxe non se sinta rexeitado e desmotivado. Un adecuado contexto de actividades cooperativas nas que se creen relacións de interdependencia entre o alumnado será outra das medidas a aplicar.

Fóra destas medidas xerais cada necesidade educativa especial ou cada necesidade específica de apoio educativo precisaría de medidas concretas, sendo conscientes que moitas das que aparecen a continuación, dificilmente van aparecer no ciclo formativo e polo tanto no módulo ao que se refire a presente programación. O propio Consejo Escolar del Estado (2017, 7), a través dun ditame elaborado pola súa Comisión Permanente recoñece que: ¿En moitos casos, os estudantes con discapacidade, en particular aqueles que teñen adaptacións curriculares significativas, teñen como única opción para poder continuar a súa formación e, en consecuencia, preparación para o emprego, a Formación Profesional Básica¿.

De seguido van ser enumeradas diferentes necesidades educativas especiais ou necesidades específicas de apoio educativo, sinalando algunhas medidas de atención dese alumnado. De calquera maneira, na bibliografía que aparece ao final deste texto poden ser encontradas outras propostas que melloren e amplíen as anteriores.

Alumnado con discapacidade intelectual: O profesorado debería estar atento a que este alumnado desenvolva as seguintes necesidades básicas (Consellería de Educación, 2005, 14-15):

Asumir o seu propio corpo, xa que, en moitas ocasións, as persoas con discapacidade intelectual o ven como algo imperfecto e estenden esta visión a outros aspectos da súa personalidade.

Traballar a autonomía persoal, xa que neste colectivo son moi acusados aspectos tales como a sobre protección.

Fornecerlles un extra de motivación, xa que o esforzo que lles supoñen moitas tarefas fai que se incorporen ás actividades con maior dificultade.

Axudarlles a construír unha autoestima axustada, xa que é un elemento fundamental para o equilibrio de calquera persoa.

Ampliando as oportunidades que o medio lles forneza, xa que, se estas son axeitadas, o seu prognóstico mellorará, excepto que se trate de atrasos mentais progresivos.

Alumnado con discapacidade motora. Entre os obxectivos prioritarios que se deben ter en conta no traballo educativo con este alumnado, hai que salientar (Consellería de Educación, 2006, 24):

Potenciar a súa autonomía persoal: desenvolvemento de destrezas motrices, hábitos hixiénicos e de auto coidado, ou de habilidades sociais, establecendo niveis de exigencia progresivos, congruentes e

constantes.

Favorecer a participación activa do alumno ou alumna na comunidade educativa.

Fornecerlle medios de expresión eficientes e claros que permitan unha fácil comunicación cos demais.

Fomentar a capacidade de socialización, facilitando a interacción en todos os ambientes, ademais do escolar, sobre todo en actividades sociais de ocio e de lecer.

Alumando con discapacidade sensorial. As medidas ordinarias de atención á diversidade teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas na ensinanza, salientando as seguintes (Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, 2019, 40):

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da sala de aulas ás características do alumnado.

Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.

Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Desdobramentos de grupos.

Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento, (TEA) síndrome Asperger. Habería que ter en conta os seguintes aspectos metodolóxicos xerais (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2007, 29-30):

Introducir claves visuais que axuden a estruturar o tempo e o espazo.

Trátase de axudar o alumnado a organizar a información que recibe para poder pór algunha orde no seu mundo caótico. Canto máis comprensíbel lle sexa o contorno, menor probabilidade haberá de que aparezan condutas problemáticas.

Estruturar as tarefas en sucesivos pasos, fornecendo as axudas previas, moldeamento físico, encadeamento cara atrás ou verbalización na procura da aprendizaxe sen erro.

Ter en conta os intereses e preferencias da persoa, propóndolle actividades atractivas, que poden servir de reforzo para outras que consideremos relevantes.

Fornecerlle unha atención individualizada cálida por parte do profesorado, que compartirá unhas estratexias claras e comúns.

Darlle tempo abondo para que poida emitir a resposta.

Axudar a que perciba as consecuencias dos seus actos, fornecéndolle criterios de éxito sempre e cando sexa posíbel; así favoreceremos a súa autonomía.

Con salienta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2011b, 5) ¿o obxectivo xeral é a consecución das competencias básicas e de maneira particular o logro de:

Unha mellora na socialización.

Maior competencia comunicativa.

Aumento da flexibilidade mental¿.

Alumnado con trastornos graves de conduta. Habería que seguir as recomendacións e procedementos da Estratexia galega de convivencia escolar (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2015a) e do portal Convivencia (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2015b).

Alumnado con altas capacidades: sobre dotación intelectual. Para axustar a resposta educativa para este alumnado hai que considerar as seguintes necesidades educativas (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2003, 20):

Precisa dunha ensinanza adaptada, cunha abordaxe multidisciplinar nun contexto educativo enriquecido e dinámico, estimulante para o seu desenvolvemento.

Require do acceso a recursos e materiais adicionais, que deben ser planificados especificamente.

Cómprelle flexibilidade no seu horario e nas súas actividades, polo que é conveniente que, cando sexa posíbel, deixemos que continúe co traballo até que estea seguro e satisfeito coa tarefa realizada.

Precisa participar moi activamente no proceso de ensinanza e aprendizaxe e ter a oportunidade de poder pór en práctica as súas habilidades.

Élle imprescindible un contorno en que se valoricen as ideas creativas e orixinais, máis que a repetición dos contidos.

Cómprelle un clima social en que se sinta aceptado, e precisa de orientación no manexo das relacións interpersoais e sociais.

No nivel educativo da formación profesional non é posíbel realizar adaptación curriculares significativas, mais poderían ser utilizadas algunha medida de enriquecemento horizontal ou vertical, como as propostas en Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2011a, 8-9).

Alumnado con TDAH. Canto ás tarefas e deberes é necesario (AA VV, 2014, 60-61):

Reducir e fragmentar as actividades.

Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu que ten que facer.

Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.

Canto ás estratexias expositivas, o profesorado debe ter en conta as seguintes estratexias (AA VV, 2014, 61):

Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende.

Utilizar frases curtas e claras.

Manter o contacto visual e permanecer cerca.

Focalizar a atención nos conceptos *¿clave¿*.

Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.

Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.

Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.

Implicala ou implícalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.

Fornecerlle un sistema de titoría dun compañeiro ou dunha compañeira que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación, e promover que o alumnado con TDAH explique os conceptos a estudantes con máis dificultades ca el.

Canto aos exames ou probas escritas será necesario (AA VV, 2014, 61-62):

Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, fechadas, claras e con vocabulario sinxelo.

Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.

Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).

Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH.

Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexíbeis na súa duración.

Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.

Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.

Posibilitar que as e os estudantes que o desexen poidan recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.

Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

Alumnado con dislexia. Deben ser establecidos os seguintes obxectivos a nivel individual (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2008, 25):

Elaborar os programas de corrección dos erros específicos de acordo coa operativización destes.

Executar os programas e deseñar un plano de seguimento e avaliación dos planos específicos iniciados.

Alumnado de incorporación tardía (alumnado estranxeiro de recente incorporación ou incorporación despois de iniciado o curso). No nivel educativo da formación profesional inicial debería centrarse a atención, sobre todo, no desenvolvemento das competencias clave. Outras medidas poden ser consultadas no portal Atención á diversidade (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2012a).

Alumnado con desvantaxe socio educativa procedente de ambientes desfavorecidos e/ou marxinais. No nivel educativo da formación profesional inicial debería centrarse a atención, sobre todo, no desenvolvemento das competencias clave. Outras medidas poden ser consultadas no portal Atención á diversidade (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2012a). Tamén pode ser útil tirar información sobre diferentes programas levados adiante polo Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector.

